



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Convocatoria do Concurso de disfraces do Entroido en Sada 2024

ANUNCIO

A Alcaldía do Concello de Sada resolveu mediante o decreto núm. 77/2024 do 17 de xaneiro aprobar a convocatoria do Concurso de disfraces do Entroido en Sada 2024, así como publicar as bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións e as bases e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal, co texto que segue:

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO EN SADA 2024

1. QUE PROPOÑEMOS?

Para celebrar o Entroido en Sada propoñemos organizar un concurso de disfraces o martes 13 de febreiro, organizado pola Concellería de Cultura e Normalización Lingüística dentro da programación do Entroido en Sada 2024.

O concurso rexerese polas cláusulas destas bases reguladoras.

2. QUEN PODE PARTICIPAR?

- 2.1. Poderán participar todas aquelas persoas e colectivos que o desexen, sen límite de idade.
- 2.2. As persoas concursantes deberán desfilar polas rúas do centro urbano de Sada, segundo o percorrido que propoñerá a organización, amosando os seus disfraces ao público e ao xurado, exhibindo as coreografías e a animación musical que acompañen a súa proposta.
- 2.3. O concurso organízase en 3 categorías: MINI, GRUPOS, CARROZAS, optando a 3 premios en cada unha delas.

3. COMO ME PODO INSCRIBIR?

- 3.1. Poderás inscribirte (ou inscribir ao teu grupo) cubrindo un formulario, no que se recollerán os datos necesarios, como título do disface, número de compoñentes, a categoría, a temática dos disfraces ou os datos da persoa que actúa como representante, entre outros.
- 3.2. O formulario estará deseñado para cubrir directamente en liña, dende a páxina web municipal (www.sada.gal).
- 3.3. Nos casos dos disfraces colectivos, no propio formulario de inscrición deberás facilitar os datos de ata un máximo de 10 participantes do grupo e designar a un deles como representante, aos efectos do cobro dos posibles premios que poidades gañar. A persoa que designedes como responsable, no caso de que gañedes algún premio, deberá presentar un certificado bancario da conta na que debamos realizar o ingreso dos importes, facéndose cargo a partir dese momento da xestión do premio.
- 3.4. As formacións que necesiten música de acompañamento deberán comunicalo a través do formulario e deberán portar os seus propios equipos de amplificación ou os instrumentos necesarios.

4. QUE PRAZO TEÑO PARA INSCRIBIRME?

- O prazo de inscrición abrirase o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e informarase dende a páxina web municipal (www.sada.gal).
- O prazo de inscrición finalizará o venres 9 de febreiro de 2024 ás 14:00h.

5. EN QUE CONSISTE O CONCURSO?

- 5.1. As/os participantes inscritas/os no concurso de disfraces achegaranse ao punto de inicio do desfile, que será anunciado con anterioridade pola organización a través da web www.sada.gal e dos perfís municipais nas redes sociais.
- 5.2. Haberá que participar no desfile, realizar todo o percorrido para amosar o disface, representar a posta en escena que acompañe, realizar as posibles coreografías, bailes ou cancións preparadas, así como interactuar co público asistente.

5.3. Unha vez iniciado o desfile, un xurado valorará os disfraces ao longo do percorrido, fixándose na posta en escena en xeral e na animación festiva dos participantes

5.4. Podedes concursar nunha destas 3 categorías:

- MINI (ata 4 compoñentes)
- GRUPAL (grupos de persoas disfrazadas coa mesma temática cun mínimo de 5 compoñentes).
- CARROZAS (agrupacións con disfraces dunha mesma temática que incluírán plataformas móbiles autopropulsadas ou remolcadas, adornadas conforme á temática escollida polo grupo de participantes e relacionada cos seus disfraces).

En cada categoría outorgaremos 3 premios que serán detallados no punto 7 destas bases. Cada participante poderá concursar nunha única categoría.

Todas as persoas participantes menores de idade deberán contar con autorización materna/paterna ou de titor/a ao cargo. Esta autorización requirirase no formulario de inscrición.

O xurado disporá do tempo do desfile para realizar a valoración dos disfraces inscritos ao concurso.

O resultado das votacións farase público á finalización do desfile, no propio lugar de finalización do percorrido, tras da suma das puntuacións recollidas nas táboas de valoración dos compoñentes do xurado.

6. QUEN SERÁ O XURADO E QUE VALORARÁ?

6.1. O xurado estará composto por un mínimo de 3 persoas, representantes do tecido asociativo e cultural sadense.

6.2. O xurado valorará de 0 a 10 puntos cada un destes criterios:

- Estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces e das temáticas escollidas.
- Posta en escena (acompañamento con coreografías, instrumentos, escenografía...).
- Detalles da maquillaxe, máscaras e demais complementos propios do Entroido.
- Grado de elaboración propia/artesanal.
- As carrozas e “vehículos” inscritos na categoría de carrozas valoraranse mediante os criterios anteriores que sexan de aplicación.
- Cada criterio valorarase de 0 a 10 puntos para obter unha puntuación final. Ao remate do desfile as/os compoñentes do xurado reuniranse para fallar un resultado e comunicalo publicamente.

6.3. O xurado valorará os disfraces durante o seu paso polo percorrido do desfile.

6.4. O xurado poderá descartar do concurso a aqueles participantes que exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas, vexatorias ou ofensivas, tanto cara o público como cara a organización, entendendo por isto as condutas que violenten a dignidade doutras persoas fóra do marco de irreverencia e transgresión festiva propios do Entroido.

7. PREMIOS

Os premios outorgaranse segundo as puntuacións totais obtidas, despois da suma das valoracións parciais de cada compoñente do xurado.

Haberá 3 premios en metálico por cada categoría:

PREMIOS	MINI	GRUPAL	CARROZAS ¹
1º PREMIO	300 €	600 €	1.000 €
2º PREMIO	200 €	450 €	800 €
3º PREMIO	100 €	300 €	600 €

Os premios daranse a coñecer ao remate do desfile. As persoas e colectivos que resulten premiados deberán aportar a documentación necesaria para o cobro do importe que corresponda.

¹ Establecemos unha compensación económica específica para a categoría de CARROZAS, co obxecto de minorar os custos derivados do combustible dos vehículos tractores, os gastos de desprazamento e o posible aluguer de plataformas remolcadas, coas seguintes condicións:

- Importe máximo de 1.500 € para este concepto, a repartir entre as carrozas inscritas, sempre e cando cumpran co requisito de empregar un vehículo de tracción a motor e unha plataforma remolcada. Se polo número de inscricións recibidas superásemos o importe máximo establecido, ratearanse os 1.500 € entre o número de carrozas inscritas.
- Cada carroza participante recibirá un máximo de 250€ por este concepto, sempre e cando cumpran co requisito de empregar un vehículo de tracción a motor e unha plataforma remolcada.
- As carrozas que decoren unicamente un vehículo pero non equipen plataformas de remolque, ou ben empreguen plataformas pero non necesiten vehículo a motor para a súa mobilidade, percibirán unicamente un máximo de 100€ por este concepto.

O xurado, previa xustificación, poderá declarar desertos algún ou todos os premios a conceder.

AVISO SOBRE FISCALIDADE:

Os importes correspondentes aos premios das categorías Grupal e Carrozas poderían estar suxeitos a retencións fiscais, polo que se tomarán as medidas seguintes:

BENEFICIARIAS: o premio imputarase a efectos fiscais entre as persoas beneficiarias. Entenderase que o premio será repartido equitativamente entre varias das persoas integrantes do grupo ou da carroza, ata un máximo de 10.

DOCUMENTACIÓN: cada grupo/carroza premiada deberá designar a un máximo de 10 persoas como beneficiarias a efectos fiscais e designar a unha delas como representante aos efectos do cobro de premios. No caso de obter algún premio, a persoa designada como representante deberá presentar un certificado de conta bancaria do que sexa titular, para poder xestionar a transferencia dos premios.

MENORES DE IDADE: os menores de idade que resulten premiados nalgunha categoría deberán presentar o seu DNI para a tramitación do premio. No caso de que aínda non dispoñan do documento serán as nais/pais/titores as beneficiarias do premio.

8. PARA QUE SE USARÁN OS MEUS DATOS?

Para participar neste concurso é necesario presentar unha folla de inscrición con certos datos persoais. A finalidade do tratamento destes datos é unicamente a realización das xestións necesarias para organizar o concurso. A duración do tratamento será a necesaria para o desenvolvemento da convocatoria ata a entrega de premios. Serán destruídos no prazo máximo dun mes dende a finalización do concurso, salvo que sigan sendo necesarios para a xestión dos premios

Os datos serán incorporados ao sistema de tratamento do Concello de Sada e, segundo as condicións reguladas legalmente, vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), portabilidade, oposición e limitación do tratamento. Os datos non serán obxecto de decisións automatizadas nin serán compartidos con terceiras entidades, nos termos que se establecen na lexislación vixente en materia de protección de datos.

Para realizar consultas relacionadas coa xestión dos datos, as persoas interesadas poden dirixir a súa petición ao enderezo postal Avd. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña) ou ben facelo a través do enderezo electrónico dpd@sada.gal.

9. CONFORMIDADE

Todas/os participantes, polo feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

NOTA:

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do desfile e do concurso de disfraces. As/os participantes, mediante a súa inscrición, consentirán na cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración do concurso. As fotografías serán utilizadas pola Concellería de Cultura e Normalización Lingüística con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e páxina web oficiais.

10. ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para aprobar e resolver o procedemento será a alcaldía, mentres que a instrución e tramitación derivadas das presentes bases serán competencia da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística.

Sada, 17 de xaneiro de 2024.

O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández